

MEMORIA XUSTIFICATIVA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE POIO PARA A HUMANIZACIÓN DA ESTRADA AUTONÓMICA PO-308 O SEU PASO POLO CONCELLO DE POIO. 1ª FASE

1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede, tamén os peóns que as transitan, unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

A estrada PO-308 discorre polo Concello de Poio vertebrando o seu litoral e confluíndo con outras estradas. Dita vía ten cunha IMD elevada que discorre por unha zona cunha alta densidade de poboación. A súa humanización facendo que o espazo dispoñible sexa máis versátil e permita acadar maiores cotas de seguridade vial é o obxectivo final perseguido coa sinatura do convenio.

3.- Impacto económico

O custe total da actuación estímase en **un millón setecentos trinta e catro mil novecentos trinta euros e trinta e dous céntimos (1.734.930,32 €) IVE engadido.**

A Axencia Galega de Infraestruturas financiará as obras nunha porcentaxe do 70% e o concello de Poio o 30% restante. O concello aproveitará as obras para renovar servizos públicos da súa titularidade e ademais asumira a titularidade dun treito da PO-308 dado o seu carácter eminentemente urbano.

O financiamento da axencia acada o importe de **un millón douscentos catorce mil catrocentos cincuenta e un euros e vinte e dous céntimos (1.214.451,22 €)** con cargo á partida orzamentaria 08.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-



06714, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo coa seguinte distribución:

ANO	IMPORTE €
2025	364.335,36
2026	850.115,86
TOTAL	1.214.451,22

4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Poio e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

6.- Xustificación da concesión da subvención

As obras pretenden humanizar unha vía cunha alta densidade de tráfico para atender as necesidades de todos os usuarios, condutores e peóns. O concello de Poio consciente de que a vía transformouse en urbana en parte do seu percorrido comprométese a asumir a titularidade de todo o dominio público viario do tramo inicial da PO-308 entre Ponte da Barca e a PO-310, pq 0+000 e 0+320 e o dominio viario asociado no treito de estrada PO-308 a partir do punto quilométricos 0+320 e ata o final do treito afectado pola execución das obras 0+480, salvo a calzada e as beiravías.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

